

Cesáreo Sánchez renova na dirección da AELG

ASEMBLEA ▶ A Asociación de Escritores premia a Fernández Paz, Mariví Villaverde, Elena Poniatowska e Luandino Vieira

AGN • SANTIAGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou onte a súa asemblea anual en Santiago, na que –entre outras cuestións– aprobou a nova composición da súa xunta directiva, que seguirá a presidir Cesáreo Sánchez, con Antía Otero como vicepresidente. Na asemblea acordouse conceder o premio *Bos e xenerosos* a Mariví Villaverde, así como a Letra E a Agustín Fernández Paz. Asemade, declarou *Escritora Galega Univer-*

sal á mexicana Elena Poniatowska, distinción que se outorgou tamén, e por primeira vez, a un autor da lusofonía, o angolano Jose Luandino Vieira. Estes premios entregáranse na Cea das Letras conxuntamente cos Premios AELG, que este ano incorporarán unha nova distinción: a do mellor blog literario. Igualmente, fíxose entrega dun galardón á Sección de Literatura do Liceo de Ourense, personificada na figura de Marcos Valcárcel.



PATRICIA SANTOS

Un momento da xuntanza celebrada onte en Santiago pola Asociación de Escritores en Lingua Galega

El Correo Gallego
cultura@elcorreogallego.es

75

El Correo Gallego